

SUPERDEPÓSITOS

En outubro de 2008 o Goberno español aprobaba elevar de 20.000 a 100.000 euros por titular garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos (FGD) en depósitos e contas bancarias (Real Decreto 1642/2008, de 10 de outubro, e ratificado novamente no Real Decreto 628/2010, de 14 de maio). Non pasara nin un mes desde a quebra de Lehman Brothers, viviamos días de pánico financeiro a nivel global, e a medida viña a tentar restablecer a confianza na solvencia do sistema bancario.

A medida foi, con seguridade, necesaria. Pero pouco tardamos en comprobar que non fora de todo correctamente implantada. A banca española entrou nunha ‘guerra de depósitos’, ofrecendo rendibilidades moi por riba do tipo euribor (referencia para este tipo de produtos, igual que as hipotecas). O lector preguntárase que ten de malo que os bancos paguen de máis polos seus depósitos, “por unha vez que gaña o cliente e non o banco...”. Pero o certo é que os superdepósitos teñen efectos perversos tanto sobre o funcionamento do sistema financeiro como sobre a crise económica que padecemos.

A saber: temos en Irlanda o mellor exemplo de como pode rematar esta política –que se está a converter en práctica habitual- dos Estados garantindo sen límite ó sector privado. Con que lóxica o Estado español, que paga as súas débedas a un ano (Letras del Tesoro) a tipos de xuro entre o 1,40% e o 2,5%, debería garantir as débedas de entidades privadas sen límite algún? Facelo implica adicionalmente un dobre comportamento de ‘risco moral’ (comportarse de maneira diferente ao que unha persoa faría de ter que asumir as consecuencias dos seus propios actos): os clientes non teñen problema en levar os seus aforros a entidades de peor solvencia, e os bancos de peor solvencia non teñen problema en elevar as remuneracións ofrecidas tanto como lles sexa posible, en perxuro da súa propia solvencia. O resultado é que o diñeiro acaba nos bancos en peor situación e a un custo elevado, incrementando os riscos do sistema financeiro.

Pero por riba de todo, o principal efecto pernicioso dos ‘superdepósitos’ é que están a adiar a recuperación económica. A consecuencia desta política os bancos seguen sen dar crédito: as entidades que pagan perto do 5% desde logo non o fan para ceder eses importes en hipotecas a euribor + 1%; e as entidades máis solventes, que si estaban a dar crédito aos seus clientes, tiveron que entrar na guerra para non perder clientes, encarecendo o seu financiamento e así tamén os créditos que conceden á economía.

Por iso, o Goberno ven de regular a semana pasada un novo Real Decreto que entrará en vigor antes de un mes, obrigando ás entidades financeiras a aportar ao FDG 5 veces máis garantías por cada produto extratípado. Na práctica suporá que en breve poucos depósitos bancarios veremos por riba do 3% (aos niveis de euribor actuais). Probablemente a ‘guerra’ por captar o aforro continuará entre as entidades financeiras a través doutros produtos (estruturados, produtos con vinculación, etc.), pero onde por unha banda elimínase o efecto pernicioso do risco moral dos depósitos garantidos polo Estado, e por outra ningún deses produtos debería ter o efecto pernicioso que sobre as políticas de crédito das entidades financeiras tiñan os ‘superdepósitos’.

Unha boa medida que se cadra só ten dúas tachas: que se teña tardado tanto tempo en implantala, e que dúas entidades foráneas –ING Direct e Banco Espírito Santo- non se vaian ver afectadas por esta medida ao non faceren aportacións ao FDG español, senón aos respectivos de Holanda e Portugal. Cristiano Ronaldo *fica contente*.